



D. Armando Ojea Bouzo, en nome e representación do Grupo Provincial de Democracia Ourense, presenta ao amparo da lexislación vixente, a seguinte **MOCIÓN relativa á loita contra as especies invasoras na provincia de Ourense.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos maiores problemas medioambientais que teñen hoxe en día os ecosistemas en todo o mundo é o das chamadas especies invasoras. Chámanse así ás especies, animais ou vexetais, que non son autóctonas de unha rexión pero que ao entrar e extenderse nela rematan por provocar graves danos ecolóxicos, económicos e mesmo na saúde das persoas. Os danos ecolóxicos consisten normalmente na alteración de procesos do ecosistema, eliminación de outras especies, cambios nas poboacións, etc.

Esto leva en moitos casos á ruina de sectores económicos agropecuarios, forestais e outros relacionados, así como a problemas derivados de cambios na edafoloxía ou na hidroloxía da zona, chegando mesmo a influir na climatoloxía. Crea tamén outros problemas que inciden no benestar ou na saúde das persoas como certas enfermidades, alerxias, etc. Algunhas especies poden chegar á destruír infraestructuras coma vivendas, pontes, etc. Como exemplo curioso, en Inglaterra cando se vende un terreo debe certificarse que está libre de certa clase de plantas e das súas sementes por ese motivo.

Algún autor chamou ás especies invasoras "enxeñeiros de ecosistemas" por a capacidade que teñen de alteralos e mesmo destruílos. Deben distinguirse das especies chamadas alóctonas que son aquelas que, sin ser en principio orixinarias da rexión naturalízanse sin alterar de xeito significativo o ecosistema.

Moitas de estas especies introducíronse en entornos non axeitados por a acción voluntaria pero irresponsable do ser humano. Traídas unhas veces con fines ornamentais (algunhas estadísticas falan da xardinería como causa no 60% dos casos), outras con algunha finalidade práctica inmediata (mimosas nos terraplés das vías ferroviarias, carriza da Pampa no medio das autoestradas), expandíronse por sí mesmas a lugares onde a súa presenza non estaba inicialmente prevista. Outras especies entraron inadvertidamente debido á falta de control en actividades comerciais ou tráfico masivo de persoas entre diferentes partes do mundo. Este último aspecto está a ser nos nosos días un factor importante, debido á chamada "globalización".

Os biólogos, os grupos ecoloxistas e as autoridades medioambientais coñecen bastante ben cales son especies animais e vexetais que están supoñendo un serio perigo nestos aspectos en Galicia. Referíndonos especificamente á provincia de Ourense, ámbito territorial das competencias de esta institución, podemos falar, por exemplo, da invasión das mimosas, especialmente grave no Ribeiro e nas orillas do Miño, do alianto, da cinetificamente chamada "Ludwigia Grandiflora" ou do fento da auga na Llmia, todas elas con un enorme poder invasor e unha grave ameaza á biodiversidade, coas graves consecuencias que elo supón.

Outras especies están de momento menos presentes, pero si non se atalla o problema a tempo, rematarán por causar tamén graves danos, como por exemplo o xacinto da auga. Entre as especies animais invasoras poderíamos destacar a da avespa velutina que está causando xa gran alarma en amplias zonas da provincia, pero non é a única nin moito menos. Hai que dicir que moitas de esas especies vexetais invasoras exténdese con rapidez despois de que un incendio elimine á flora autóctona, ocupando pronto o seu lugar. Unha máis das consecuencias fatais dos lumes.

O problema chegou a ser grande precisamente por non terse tomado as medidas oportunas no momento axeitado, e canto máis tarden en tomarse máis difícil será de resolver, por non dicir imposible. Entendemos que dada a súa gravidade debe ser abordado por calquera administración con competencias en medioambiente, actuando cada unha de elas na súa dimensión e escala lóxica. É un problema transversal entre administracións.

Neste caso sí que cobra todo o seu senso o repitido o famoso aserto "pensa global, actúa local" porque, anque o problema é global, a actuación local sí pode resolver ou minimizar o problema local. Cousa que non sucede noutros casos coma, por exemplo, có problema das emisións de carbono. E, recíprocamente, o problema non se resolve no noso territorio porque se resolva noutros.

Desde DO pensamos que deben facilitarse axudas aos concellos pra que podían abordar esta clase de problemas ecolóxicos. Así como que os servizos da Deputación colaboren a facer un seguimento e coordinen esas actuacións entre eles. Por eso facemos as seguintes propostas:

## **PROPOSTAS**

Axuda económica aos concellos destinada a:

1. Análisis da presenza de especies invasoras no seu territorio.
2. Campaña de sensibilización pública (que podería ser asumida por cada concello, adaptándose ás súas circunstancias concretas, ou coordinada pola mesma Deputación pra casos xerais) pra minimizar os efectos que a xardiñería, a afición a mascotas, á acuarioloxía, etc pudiera ter en relación ao problema.
3. Asesoramento técnico sobre posibles medidas de erradicación en cada caso concreto.
4. Medios (mecánicos, biolóxicos, químicos...) para a erradicación de especies invasoras en espazos públicos.
5. Subvencións destinadas á erradicación en parcelas privadas por medios axeitados.



**GRUPO PROVINCIAL  
DEPUTACIÓN DE OURENSE**

6. Medidas de análisis de riscos e de detección precoz de posibles especies que podían suponer un problema no futuro.
7. Cambio no xeito de traballo de calquer labor pública de creación ou mantemento de infraestructuras que podía favorecer a expansión de esas especies.

En todos os puntos, desde logo contando en todo momento co asesoramento de biólogos, axentes forestais, técnicos de medioambiente, comunicadores, etc. necesarios para a labora.

Ourense, a 11 de marzo de 2021

D. Armando Ojea Bouzo

**Sr. Presidente de la Deputación Provincial de Ourense**